

|                                    |               |
|------------------------------------|---------------|
| CONCELLO DE MONTERREI<br>(Ourense) |               |
| REXISTRO XERAL                     |               |
| Data:                              | 93 XULL. 2015 |
| ENTRADA<br>896                     | SAÍDA         |



VECIÑOS  
de  
MONTERREI

O grupo municipal Veciños de Monterrei con NIF: G32461436 presenta para o pleno do día 5 agosto a seguinte **MOCION**: **Solicitamos a urxente reparación e posta en funcionamento da Estación de bombeo do polígono, así como o arranxo do desaugadoiro-sumidoiro xunto o centro de saúde de Vilaza e dotar as zonas que faltan de rede de saneamento nos pobos de Guimarei, Vilaza, A Salgueira.**

O grupo municipal Veciños de Monterrei temos probas do deficiente funcionamento da Estación de Bombeo situada cerca do Polígono de Pazos e pertencente ó Concello de Monterrei.

Dita estación que se atopa situada coas coordenadas UTM X – 627.053 e Y – 4.643.159 con Datum ETRS 89, recolle as augas residuais dos núcleos poboacionais de Infesta, Guimarei, Albarelos e Vilaza. E encóntrase a uns 650m da zona ZEC de Rede Natura do Támega e a uns 820m do canle do río Bubal.

A través do anexo fotográfico que axuntamos, pódese apreciar como a mencionada estación está cuberta de silvas e con signos evidentes dunha deixadez do seu mantemento, xa que a maior parte das augas fecais recollidas pola Estación de bombeo saen pola cuneta situada ó oeste da pista de concentración e chegan incluso á zona de Rede Natura mesturándose coas augas do río Búbal.

Pola parte da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas temos constancia de que xa se recolleron mostras destes vertidos no río Bubal coas debidas denuncias, informes e avisos ó Concello.

A vista desta negligencia por parte do Concello, solicitamos a urxente posta en correcto funcionamento da devandita instalación, xa que os veciños quéixanse dos malos cheiros das augas fecais que pasan polas cunetas das súas leiras, e o máis grave, a contaminación das augas do río e a alteración da zona ZEC do Támega.

Tamén solicitamos que se arranxe o sistema de desaugadoiro-sumidoiro que hai xunto o centro de saúde de Vilaza pois cada vez que chove os restos fecais asoman por toda a rúa.

Hai vivendas como as situadas por riba do río en Vilaza e outras noutras zonas de pobos do concello como son Guimarei, A Salgueira que non dispoñen de enganche a rede de sumidoiros cos conseguíntes vertidos incontrolados de augas fecais. Solicitamos pois que se teñan en conta estas deficiencias e sexan emendadas.

Monterrei 21 de xullo de 2015.





